



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28 DE XULLO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do "servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da Cidade e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela, e a xeración dunha TRUE-ortofotografía dixital de resolución 10 cm." Acórdase a aprobación do expediente denominado "Servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da cidade e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela, e a xeración dunha TRUE-ortofotografía dixital de resolución 10 cm.", así como a aprobación do gasto correspondente á apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **100.000 euros**, IVE engadido (82.644,63 euros máis 21% de IVE que ascende a 17.355,37 euros).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos derivados da compensación anual polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa TRALUSA, correspondente ao ano 2019. Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por gastos derivados da compensación anual pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2019 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa Tralusa por importe de 274.031,31 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos derivados da compensación anual polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa AUTOS CARBALLO, correspondente ao ano 2019. Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por Gastos derivados da compensación anual pola realización do servizo da liña entre Santiago e a Peregrina-Ponte Albar de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2019 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa Autos Carballo SLU por importe de 221.617,79 euros.

5. Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos derivados da compensación anual polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa HERMANOS FERRÍN, SL, correspondente ao ano 2019. Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por gastos derivados da compensación anual pola realización do servizo da liña entre Santiago (Porta do Camiño) e Vilvestro transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2019 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa Hermanos Ferrín SL por importe de 89.776,90 euros.

6. Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos derivados da compensación anual polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa AUTOCARES RÍAS BAIXAS, correspondente ao ano 2019. Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por gastos derivados da compensación anual pola realización do servizo da liña entre o centro da cidade cos núcleos Aríns-Fornais de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2019 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa Rías Baixas por importe de 59.427,56 euros.

7. Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á aprobación provisional da liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa AUTOS GRABANXA SL, correspondente ao ano 2019. Apróbanse as variables a ter en conta para o cálculo da compensación correspondente ao ano 2019, coa empresa Autos Grabanxa, nos seguintes conceptos e contías:

- Quilómetros percorridos: 40.308
- Prezo qm. Percorrido: 1,570184 qm.
- Amortizacións: 12.600 euros
- Ingresos de recadación: 14.310,45 euros
- Ingresos por publicidade: 3.093,7 euros
- Outros ingresos: 0 euros.

En base ás contías sinaladas e en aplicación da fórmula establecida no prego de condicións para o cálculo da compensación anual, procede aprobar con carácter provisional a liquidación do ano 2019 para a devandita empresa por un importe de 58.486,83 euros.